


NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO PARA OS COMPROMISOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

I.- ANTECEDENTES

I.1-O artigo 47 da Lei 47/2003 do 26 de novembro, Lei Xeral Orzamentaria establece no punto 2:

"O número de exercicios aos que se pode aplicar os gastos non será superior a catro. O gasto que se impute a cada un dos exercicios posteriores non poderá exceder da cantidade que resulte de aplicar ao crédito inicial a que corresponda a operacións os seguintes porcentaxes:

- no exercicio inmediato seguinte o 70%
- no segundo exercicio o 60%
- para os terceiro e cuarto ano o 50%.



I.2-A través da Disposición Final octava da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas, introduciuse un novo apartado 6 no artigo 47 da Lei 47/2003 co seguinte contido:

"no caso da tramitación anticipada dos expedientes de contratación a que se refire o artigo 110.2 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na tramitación anticipada de aqueles expedientes de gasto cuxa normativa reguladora permita á formación do compromiso de gasto, se deberán cumprir os límites e anualidades ou importes autorizados á que se refiren os números 2 a 5 do citado artigo".

I.3-Nas normas de desenvolvemento do orzamento do exercicio 2014 da Universidade de Vigo, no artigo 14.4 establece que no referido aos gastos de carácter plurianual estarase ao seguinte:

- a) Para a execución de gastos con cargo aos créditos de exercicios futuros, é necesaria a comprobación previa do cumprimento dos límites establecidos na normativa orzamentaria, sendo preciso acompañar ao expediente a constatación de dita circunstancia.
- b) No caso de que fose necesario, previa xustificación do órgano proponente e o conforme previo do Servizo de Control Interno, o Reitor poderá aprobar a modificación dos límites aos que se fai referencia no apartado anterior, sempre que esta aprobación non implica incumprimento do plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a Universidade.

I.4-Nas normas de desenvolvemento do orzamento do exercicio 2014 da Universidade de Vigo, no artigo 5.3 Vinculación dos créditos establécese:

No referido á xestión dos gastos plurianuais teranse en conta as seguintes regras:

- A vinculación dos créditos na clasificación orgánica é a nivel de sección.
- A vinculación dos créditos na clasificación funcional é a nivel de programa.

II.-PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

Para a execución dos procedementos de contratación que conleven unha tramitación anticipada se establece o seguinte procedemento:

1-No prego de cláusulas administrativas particulares ou documento equivalente fará constar que a adxudicación e formalización do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2-O servizo de Xestión Económica, Contratación e Patrimonio emitirá ou solicitará ao propoñente do contrato un documento RC de tramitación anticipada detallando o importe do gasto correspondente a cada un dos exercicios posteriores afectados.

3-O servizo de Xestión Económica, Contratación e Patrimonio enviará o RC de tramitación anticipada ao Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería para que este servizo comprobe no aplicativo de contabilidade SIC se o RC cumpre cos límites establecidos na Lei 47/2003.

4-O Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería emitirá un informe ao Servizo de Xestión Económica, Contratación e Patrimonio que poderá ser:

- a) Positivo: non se incumpren os límites: o Servizo de Xestión Económica, Contratación e Patrimonio incorporará o informe no expediente.
- b) Negativo: se superan os límites marcados na citada Lei.
- c) Negativo e contrario o plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a Universidade.

5-No caso de que o informe sexa negativo pero acorde co plan de estabilidade Orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia, o Xerente solicitará ao Reitor da Universidade de Vigo a modificación dos límites aos que se fai referencia no apartado anterior, sempre que esta aprobación non implique incumprimento do plan de estabilidade orzamentaria aprobado pola Xunta de Galicia para a Universidade. Para elo enviará solicitude formal cunha breve memoria explicativa da necesidade da contratación e o certificado negativo obtido.

6-Unha vez o Reitor confirme a modificación dos límites se incorporará ao expediente dita modificación.



Vigo, 16 de decembro de 2014

O Xerente

Manuel Fernández Jauregui

SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SRA. XEFA DO SERVIZO DE CONTABILIDADE, ORZAMENTOS E TESOURERÍA
SR. XEFE DO SERVIZO DE APOIO Á INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO
SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ECONÓMICA E CONTRATACIÓN
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS/ÁMBITO/CAMPUS